

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

Subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal, ou federacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do ticket comercial, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023, (código procedemento CO300B)

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Estas subvencións teñen por obxecto a incentivación da demanda comercial e o incremento das vendas do comercio retalista a través do ticket de dinamización comercial

3. TIPOS DE APOIO

Subvencións a fondo perdido en réxime de concorrencia non competitiva e suxeitas ao réxime de mínimos (non exceder límite de 200.000 euros en subvencións suxeitas a mínimos nun período de tres anos) As subvencións serán concedidas ata o esgotamento do crédito por prelación temporal

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

- As asociacións de comerciantes sen fins de lucro que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia e supere o municipal. Entenderase que teñen un ámbito de actuación superior ao municipal cando, polo menos, o **50% dos comercios polo miúdo asociados se atopen en dous ou máis concellos diferentes a aquel onde radique a sede da asociación.**
- As Federacións de Asociacións de Comerciantes que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia. As **Federación** deberán ter un **mínimo de 3 asociacións asociadas**. Non se terán en conta, para o cómputo, as asociacións que no ano 2022 recibiran axudas da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para a dinamización dos Centros Comerciais Abertos. No caso de que o **ámbito territorial da Federación non supere ao municipio, este deberá contar con máis de 68.000 habitantes.**

En todo caso, as Federacións e Asociacións de Comerciantes deberán ter unha antigüidade mínima de 3 anos na data de publicación desta Orde, ademais de estar ao día na obriga de aprobación das contas anuais pola Xunta Directiva no dous últimos exercicios previos a esta Orde de convocatoria. Para os efectos desta Orde, considéranse Asociacións e Federacións de Comerciantes, aquelas en que o número total dos comercios integrados nelas, sexa igual ou superior ao 50% do número total de membros da entidade. Para estes efectos, teranse en conta os comercios asociados incluídos nos IAE establecidos no Anexo VIII, incluídos os salóns de peiteado, segundo os datos obtidos da certificación e da intranet habilitada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo. **Non poderán ser beneficiarias desta subvencións as Federación de carácter provincial integradas nunha Federación de ámbito autonómico,** nin as Federación de Asociacións de Prazas de Abastos beneficiarias no ano 2022 e 2023 de axudas para o mesmo obxecto e finalidade. Así mesmo, non poderán ser beneficiarias as

empresas en cr

5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR COMERCIO

6. REQUISITOS PRINCIPALES DO PROXECTO

As actuacións serán subvencionables sempre e cando sexan realizadas e efectivamente pagadas dende o 1 de xaneiro do 2023 ata o 31 de outubro do 2023 (data límite para xustificar o investimento realizado subvencionable e presentar a documentación xustificativa que indica a Orde no artigo 19 das bases desta Orde)

En atención a súa especial natureza e por ter unha continuidade ininterrompida, tamén se considerarán subvencionables as actuacións que se inicien no mes de decembro do 2022 e teñan unha continuidade ininterrompida no ano 2023, e concretamente, as actuacións derivadas da campaña do Nadal 2022/2023

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES

Considéranse subvencionables as actuacións desenvolvidas no marco dun proxecto de incentivación da demanda comercial e do consumo, en que as persoas comerciantes e consumidoras sexan as destinatarias finais, a través da posta en marcha das seguintes actividades:

- Campañas de promoción comercial en datas ou períodos comerciais
- Campaña de dinamización comercial na rúa con participación directa dos comercios asociados e as persoas consumidoras
- Organización de eventos de promoción comercial
- Calquera outra actividade de dinamización, animación e promoción comercial

En todo caso, deberá amosar a participación directa das Asociacións de comerciantes integradas na entidade beneficiarias ou dos establecementos comerciais asociados no seu caso.

Os gastos subvencionables por campaña son os seguintes:

- Os servizos profesionais externos para o deseño e a posta en marcha da campaña
- O alugamento de medios técnicos (carpas e análogos, son e imaxe)
- Os seguros de responsabilidade civil derivados da campaña
- A publicidade nos medios de comunicación (prensa, radio e televisión) directamente vinculada coa campaña
- O material de promoción e difusión da campaña (carteis, folletos, vídeos e outro material promocional en liña e para redes sociais)

- Os regalos promocionais cun investimento máximo subvencionable de 5.000 euros. En todo caso, os regalos promocionais deben estar asociados a unha actividade concreta de dinamización e vinculadas a unha venda
- Os gastos financeiros, os de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, periciais e os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Non serán subvencionables:

- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda
- As actuacións e gastos asociados que non inclúan a publicidade do financiamento do proxecto pola Xunta de Galicia
- Investimentos non incluídos na solicitude ou dos cales non se presente documentación económica completa
- As actividades de dinamización desenvolvidas unicamente en ámbitos territoriais onde exista un centro comercial aberto subvencionado no ano 2022 pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo
- Os custos de persoal
- As campañas de dinamización, promoción ou calquera outra que teña como fin exclusivamente o patrocinio, a colaboración ou a axuda económica que comporten actividades lúdicas, turísticas, de exaltación gastronómica, deportivas ou similares, sen relación co fomento da actividade comercial e sen participación directa das Asociacións de comerciantes ou dos comercios asociados.
- Os premios resultantes de sorteos ou de calquera outra forma de combinación aleatoria
- A realización de cócteles e actos análogos
- As bolsas comerciais
- A edición e a publicación de revistas, xornais e medios análogos, en soporte físico ou dixital
- Os regalos promocionais que non leven incluída a publicidade da Xunta de Galicia
- A publicidade xenérica da Federación ou, de ser o caso, Asociación, así como das campañas dirixidas á captación de socios
- As actuacións promovidas polos Centros Comerciais Abertos ou polas Asociacións de Praceiros das Prazas de Abastos.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

A porcentaxe da subvención acadará o 75% dos seguintes investimentos máximos subvencionables, sen que en ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poida ser superior ao valor do mercado:

- **48.000 euros para as Federacións de Asociacións de comerciantes**
- **13.000 euros para as Asociacións de comerciantes de ámbito superior ao municipal**

No caso de que o número de comercios integrados nas Federacións ou nas Asociacións de ámbito superior ao municipal sexa inferior a 100, o importe das subvencións concedidas a entidade minorarase nun 50%. Para os efectos deste cómputo, teranse en conta os salóns de peiteado.

As Federacións e as Asociacións deberán realizar un mínimo de 4 actividades de dinamización das que recolle esta Orde como actividades subvencionables. O investimento máximo solicitado non poderá superar o investimento máximo establecido para cada entidade.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O Prazo de presentación de solicitudes remata o **09/03/2023**

A SOLICITUDE PODERÁ PRESENTARSE OBRIGATORIAMENTE VÍA ELECTRÓNICA A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA (<https://sede.xunta.gal>)

Para a presentación telemática será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

11. INCOMPATIBILIDADES

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra da mesma ou distinta Consellería para os mesmos conceptos subvencionables. No caso de percibirse outras axudas, deberá acreditarse documentalmente na súa natureza e contía, antes da xustificación de aplicación dos fondos..

12. REFERENCIA LEXISLATIVA

Orde do 27/12/2023 (DOG 09/02/2023)

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

Páxina web1 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, <http://ceei.xunta.gal/portada>

Telf. contacto: **981 54 45 30 e 981 55 97**

cei.dxc.axudas@xunta.gal

14. OBSERVACIÓN

Os beneficiarios destas axudas deberán manter o investimento subvencionado por un prazo de 3 anos e cumprir as restantes obrigas dos artigos 16 e 17 das bases reguladoras da Orde de convocatoria